


1 Configuración da "Rede NAT" de VirtualBox

1.1 Introducción


- Como se indicou na Parte 0 do curso ([Uso de Máquinas Virtuais](#)) vaise usar VirtualBox e o modo de rede: **Rede NAT** que permite que cada MV se comunique coas MVs instaladas no host e con internet.
- Para iso debemos crear unha Rede NAT para asignala aos adaptadores de rede das MVs.

1.2 Configuración de "Rede NAT"


- Configuración Rede NAT



Ir ao menú **Archivo-> Preferencias** de VirtualBox.



Engadir unha **Rede NAT**.



Editar a rede.

- Habilitar red**
Nombre de red:
Red CIDR:
Opciones de red: **Soporta DHCP** Soporta IPv6
 Anunciar ruta por defecto IPv6

Se se desexa pódese cambiar o nome da rede (NatDominios, neste caso) e configurar a rede IP que se vai usar (172.16.5.0/255.255.255.0, neste caso). Nesta ocasión deshabilitouse DHCP pois vanse asignar as IPs de forma manual ou a través dun servidor de DHCP configurado por nós.



A nova **Rede NAT**.

- ```

ladmin@base: ~
ladmin@base:~$ VBoxManage list natnetworks
NetworkName: NatDominios
IP: 172.16.5.1
Network: 172.16.5.0/24
IPv6 Enabled: No
IPv6 Prefix:
DHCP Enabled: No
Enabled: Yes
loopback mappings (ipv4)
 127.0.0.1=2
ladmin@base:~$

```

A sentença **VBoxManage list natnetworks** amosa a configuración da **Rede NAT**. Observar como o equipo host actúa como porta de enlace e ten a IP 172.16.5.1 (a primeira IP do rango).